



**Informe de Auditoría Independiente de Cuentas Anuales  
Abreviadas**

---

**GALICIA CALIDADE, S.A. (SOCIEDAD  
UNIPERSONAL)**

(EJERCICIO 2016)

Marzo de 2017

**Servicios de Auditoría e Consulting de Empresas, S. L.**  
**ROAC – SO289      CIF – B-27044791**

Praza Maior, 30-4º. 27001 Lugo. Telf.: 982 280 313. Fax: 982 280 813 . [sace@sace.es](mailto:sace@sace.es)  
Avda. García Barbón, 18, 1º A. 36201 Vigo. Telf.: 986 441 962. Fax: 986 224 577. [sacevigo@sace.es](mailto:sacevigo@sace.es)

**Informe de Auditoría Independiente  
de Cuentas Anuales Abreviadas**

---

Ejercicio 2016



## INFORME DE AUDITORÍA INDEPENDIENTE DE CONTAS ANUALES ABREVIADAS

Al Accionista único de **GALICIA CALIDADE, S.A. (SOCIEDAD UNIPERSONAL)**:

Hemos auditado las cuentas anuales abreviadas adjuntas de **GALICIA CALIDADE, S.A. (SOCIEDAD UNIPERSONAL)**, que comprenden el balance abreviado a 31 de diciembre de 2016, la cuenta de pérdidas y ganancias abreviada, el estado abreviado de cambios en el patrimonio neto y la memoria abreviada correspondientes al ejercicio terminado en dicha fecha.

### *Responsabilidad de los administradores en relación con las cuentas anuales abreviadas*

Los administradores son los responsables de formular las cuentas anuales abreviadas adjuntas, de forma que expresen la imagen fiel del patrimonio, de la situación financiera y de los resultados de *Galicia Calidade, S.A. (Sociedad Unipersonal)*, de conformidad con el marco normativo de información financiera aplicable a la entidad en España, que se identifica en la Nota 2 de la memoria adjunta, y del control interno que consideren necesario para permitir la preparación de cuentas anuales abreviadas libres de incorrección material, debida a fraude o error.

### *Responsabilidad del auditor*

Nuestra responsabilidad es expresar una opinión sobre las cuentas anuales abreviadas adjuntas basada en nuestra auditoría. Hemos llevado a cabo nuestra auditoría de conformidad con la normativa reguladora de la auditoría de cuentas vigente en España. Dicha normativa exige que cumplamos los requerimientos de ética, así como que planifiquemos y ejecutemos la auditoría con el fin de obtener una seguridad razonable de que las cuentas anuales abreviadas están libres de incorrecciones materiales.

Una auditoría requiere la aplicación de procedimientos para obtener evidencia de auditoría sobre los importes y la información revelada en las cuentas anuales abreviadas. Los procedimientos seleccionados dependen del juicio del auditor, incluida la valoración de los riesgos de incorrección material en las cuentas anuales abreviadas, debida a fraude o error. Al efectuar dichas valoraciones del riesgo, el auditor tiene en cuenta el control interno relevante para la formulación por parte de la entidad de las cuentas anuales abreviadas, con el fin de diseñar los procedimientos de auditoría que sean adecuados en función de las circunstancias, y no con la finalidad de expresar una opinión sobre la eficacia del control interno de la entidad. Una auditoría también incluye la evaluación de la adecuación de las políticas contables aplicadas y de la razonabilidad de las estimaciones contables realizadas por la dirección, así como la evaluación de la presentación de las cuentas anuales abreviadas tomadas en su conjunto.

Consideramos que la evidencia de auditoría que hemos obtenido proporciona una base suficiente y adecuada para nuestra opinión de auditoría.


### *Opinión*

En nuestra opinión, las cuentas anuales abreviadas adjuntas expresan, en todos los aspectos significativos, la imagen fiel del patrimonio y de la situación financiera de *Galicia Calidade, S.A. (Sociedad Unipersonal)* al 31 de diciembre de 2016, así como de sus resultados correspondientes al ejercicio anual terminado en dicha fecha, de conformidad con el marco normativo de información financiera que resulta de aplicación y, en particular, con los principios y criterios contables contenidos en el mismo.

31 de marzo de 2017

**"SERVICIOS DE AUDITORÍA Y CONSULTING DE EMPRESAS, S.L." (SACE)**

Inscrita en el Registro Oficial de Auditores de Cuentas, con el número S0289.

Fdo.:   
Salustiano Velo Sabin  
SOCIO-AUDITOR  
ROAC núm. 8.979, REA núm. 1.154

**Servicios de Auditoría e Consulting de Empresas, S. L.**  
**ROAC – S0289      CIF – B-27044791**

Praza Maior, 30-4º. 27001 Lugo. Telf.: 982 280 313. Fax: 982 280 813 . [sace@sace.es](mailto:sace@sace.es)  
Avda. García Barbón, 18, 1º A. 36201 Vigo. Telf.: 986 441 962. Fax: 986 224 577. [sacevigo@sace.es](mailto:sacevigo@sace.es)

# Contas Anuais Abreviadas

Exercicio 2016



BALANCE ABREVIADO AO PECHO DO EXERCICIO 2016

ACTIVO	Notas da Memoria	2016	2015	PATRIMONIO NETO E PASIVO	Notas da Memoria	2016	2015
<b>A) ACTIVO NON CORRENTE</b>		<b>92.070,66</b>	<b>70.569,35</b>	<b>A) PATRIMONIO NETO</b>		<b>487.217,53</b>	<b>539.548,93</b>
I. Inmobilizado intanxible	5	84.456,61	58.172,97	A-1) Fondos propios	8	487.217,53	535.636,85
II. Inmobilizado material	6	7.614,05	12.396,38	I. Capital		300.506,00	300.506,00
				I. Capital escriturado		300.506,00	300.506,00
<b>B) ACTIVO CORRENTE</b>		<b>616.374,88</b>	<b>691.836,42</b>	III. Reservas		69.252,41	69.252,41
III. Debedores comerciais e outras contas a cobrar	7	90.710,86	193.280,94	VI. Outras achegas de socios		837.878,44	896.352,81
1. Clientes por vendas e prestacións de servizos		32.256,59	16.662,72	VII. Resultado do exercicio	9	(720.419,32)	(730.474,37)
3. Outros debedores		58.454,27	176.618,22	A-3) Subvencións, doazóns e legados recibidos			3.912,08
IV. Investimentos financeiros a curto prazo	7		350,00				
VI. Periodificacións a curto prazo	14	929,64	4.696,93	<b>B) PASIVO NON CORRENTE</b>			<b>61.922,15</b>
VII. Efectivo e outros activos líquidos equivalentes	14	524.734,38	493.508,55	I. Provisións a longo prazo	14		60.000,00
				IV. Pasivos por imposto diferido	11		1.922,15
				<b>C) PASIVO CORRENTE</b>		<b>221.228,01</b>	<b>160.934,69</b>
				II. Provisións a curto prazo	14	79.788,84	
				V. Acredores comerciais e outras contas a pagar	10	102.337,67	128.674,69
				2. Outros acredores		102.337,67	128.674,69
				VI. Periodificacións a curto prazo	14	39.101,50	32.260,00
<b>TOTAL ACTIVO (A+B)</b>		<b>708.445,54</b>	<b>762.405,77</b>	<b>TOTAL PATRIMONIO NETO E PASIVO (A+B+C)</b>		<b>708.445,54</b>	<b>762.405,77</b>

## GALICIA CALIDADE, S.A. (SOCIEDADE UNIPERSOAL)

### CONTA DE PERDAS E GANANCIAS ABREVIADA CORRESPONDENTE AO EXERCICIO TERMINADO AO 31 DE DECEMBRO DE 2016

	Notas Memoria	2016	2015
1. Importe neto da cifra de negocios	12	298,00	
5. Outros ingresos de explotación	12	142.088,50	126.061,49
6. Gastos de persoal	14	(356.441,11)	(329.354,57)
7. Outros gastos de explotación	12	(468.155,08)	(456.390,80)
8. Amortización do inmovilizado	5-6	(25.881,11)	(22.837,79)
9. Imputación de subvencións de inmovilizado non financeiro e outras	9	5.834,23	7.242,31
11. Deterioro e resultado por alleamentos do inmovilizado	5		(1.707,38)
12. Outros resultados	12	(19.788,84)	(59.159,38)
<b>A) RESULTADO DE EXPLOTACIÓN (1+2+3+4+5+6+7+8+9+10+11+12)</b>		<b>(722.045,41)</b>	<b>(736.146,12)</b>
13. Ingresos financeiros	14	1.626,09	5.671,75
<b>B) RESULTADO FINANCEIRO (13+14+15+16)</b>		<b>1.626,09</b>	<b>5.671,75</b>
<b>C) RESULTADO ANTES DE IMPOSTOS (A+B)</b>	<b>11</b>	<b>(720.419,32)</b>	<b>(730.474,37)</b>
17. Impostos sobre beneficios		--	--
<b>D) RESULTADO DO EXERCICIO (C+17)</b>		<b>(720.419,32)</b>	<b>(730.474,37)</b>



**ESTADO ABREVIADO DE CAMBIOS NO PATRIMONIO NETO CORRESPONDENTE AO EXERCICIO TERMINADO O 31 DE DECEMBRO DE 2016**

**A) ESTADO ABREVIADO DE INGRESOS E GASTOS RECOÑECIDOS CORRESPONDENTE AO EXERCICIO TERMINADO O 31 DE DECEMBRO DE 2016**

	Notas Memoria	2016	2015
<b>RESULTADO DA CONTA DE PERDAS E GANANCIAS</b>		<b>(720.419,32)</b>	<b>(730.474,37)</b>
<b>Transferencias á conta de perdas e ganancias</b>			
Subvencións, doazóns e legados recibidos	9	(5.834,23)	(7.242,31)
Efecto impositivo	9	1.922,15	2.411,15
<b>TOTAL TRANSFERENCIAS Á CONTA DE PERDAS E GANANCIAS</b>		<b>(3.912,08)</b>	<b>(4.831,16)</b>
<b>TOTAL DE INGRESOS E GASTOS RECOÑECIDOS</b>		<b>(724.331,40)</b>	<b>(735.305,53)</b>

**B) ESTADO ABREVIADO TOTAL DE CAMBIOS NO PATRIMONIO NETO CORRESPONDENTE AO EXERCICIO TERMINADO O 31 DE DECEMBRO DE 2016**

	Capital Escriturado	Reservas	Outras achegas de socios	Resultado do exercicio	Subvencións, doazóns e legados recibidos	TOTAL
<b>A. SALDO, FINAL DO ANO 2014</b>	<b>300.506,00</b>	<b>81.263,54</b>	<b>992.188,77</b>	<b>(767.835,96)</b>	<b>8.743,24</b>	<b>614.865,59</b>
II Axustes por erros 2014		(12.011,13)				(12.011,13)
<b>B. SALDO AXUSTADO, INICIO DO ANO 2015</b>	<b>300.506,00</b>	<b>69.252,41</b>	<b>992.188,77</b>	<b>(767.835,96)</b>	<b>8.743,24</b>	<b>602.854,46</b>
I. Total ingresos e gastos recoñecidos				(730.474,37)	(4.831,16)	(735.305,53)
II. Operacións con socios ou propietarios			672.000,00			672.000,00
7. Outras operacións con socios ou propietarios			672.000,00			672.000,00
III. Outras variacións do patrimonio neto.			(767.835,96)	767.835,96		
<b>C. SALDO, FINAL DO ANO 2015</b>	<b>300.506,00</b>	<b>69.252,41</b>	<b>896.352,81</b>	<b>(730.474,37)</b>	<b>3.912,08</b>	<b>539.548,93</b>
II Axustes por erros 2015						
<b>D. SALDO AXUSTADO, INICIO DO ANO 2016</b>	<b>300.506,00</b>	<b>69.252,41</b>	<b>896.352,81</b>	<b>(730.474,37)</b>	<b>3.912,08</b>	<b>539.548,93</b>
I. Total ingresos e gastos recoñecidos				(720.419,32)	(3.912,08)	(724.331,40)
II. Operacións con socios ou propietarios			672.000,00			672.000,00
7. Outras operacións con socios ou propietarios			672.000,00			672.000,00
III. Outras variacións do patrimonio neto.			(730.474,37)	730.474,37		
<b>E. SALDO, FINAL DO ANO 2016</b>	<b>300.506,00</b>	<b>69.252,41</b>	<b>837.878,44</b>	<b>(720.419,32)</b>		<b>487.217,53</b>



## MEMORIA ABREVIADA CORRESPONDENTE AO EXERCICIO REMATADO O 31 DE DECEMBRO DE 2016

### NOTA 1. ACTIVIDADE DA EMPRESA

Galicia Calidade, S.A. (Sociedade Unipersoal) (en diante a Sociedade) constituíuse en Santiago de Compostela o 17 de xullo de 1995 baixo a forma xurídica da sociedade anónima. A sociedade está participada integramente pola Comunidade Autónoma de Galicia, declarando a súa unipersonalidade con data 10 de xaneiro de 1996.

O seu domicilio social atópase establecido no Edificio Administrativo San Caetano, s/n, Consellería de Economía, Emprego e Industria, Santiago de Compostela (A Coruña), exercendo a súa actividade na actualidade en Complexo Administrativo de San Lázaro s/n, Edificio IGAPE Planta 3ª, Santiago de Compostela (A Coruña).

As actividades desenvolvidas pola Sociedade, coincidentes co seu obxecto social, son as seguintes: a xestión e administración en xeral da marca "Galicia Calidade", entendido da maneira máis ampla posible, e en particular outorgar as accións e actividades precisas, previas ou posteriores, para a incorporación de empresas a marca, otorgar as licenzas de marca exercendo medidas de control eficaces sobre a natureza, calidade e características dos produtos e servizos elaborados ou distribuídos ao amparo da marca Galicia Calidade, obxecto principal da sociedade, correspondendo o código CNAE 7021. Así mesmo, é obxecto da Sociedade a xestión e administración en xeral de calquera outra marca relacionada coa calidade dos produtos e dos servizos galegos que se lle poidan encomendar, co mesmo alcance, polo menos, que respecto da marca Galicia Calidade. Ademais, é obxecto calquera tipo de acción ou actividade, sen limitación algunha, que de forma directa ou indirecta poida redundar en beneficio das marcas que xestiona e administra a sociedade ou das empresas integradas nelas ou para a incorporación de novas empresas ás marcas que xestiona e administra. As actividades que integran o obxecto social poderán ser desenvolvidas pola propia sociedade ou, total ou parcialmente, de maneira indirecta, en calquera das formas admitidas en Dereito.

A Sociedade non participa en ningunha outra sociedade, nin ten relación algunha con outras entidades coas cales se poida establecer unha relación de grupo ou asociada de acordo cos requisitos establecidos no Art.42 do Código de Comercio e nas Normas 13ª e 15ª da Terceira Parte do Real Decreto 1514/2007 polo que se aprobou o Plan Xeral de Contabilidade.

A moeda funcional coa que opera a sociedade é o euro.

### NOTA 2. BASES DE PRESENTACIÓN DAS CONTAS ANUAIS

#### 2.1. Imaxe Fiel

As Contas Anuais abreviadas do exercicio 2016 adxuntas foron formuladas polos administradores a partir dos rexistros contables a 31 de decembro de 2016 e nelas aplicáronse os principios contables e criterios de valoración recollidos no *Real Decreto 1514/2007, de 16 de novembro, polo que se aproba o Plan Xeral de Contabilidade* e o resto de disposicións legais vixentes en materia contable, e mostran a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados.

Non existen razóns excepcionais polas que, para mostrar a imaxe fiel, non se teñan aplicado disposicións legais en materia contable.

As Contas Anuais abreviadas do exercicio 2016 adxuntas someteranse a aprobación pola Xunta Xeral Ordinaria, estimándose que serán aprobadas sen modificación algunha.

As Contas Anuais abreviadas do exercicio 2015 foron aprobadas pola Xunta Xeral Ordinaria, celebrada o 28 de xuño de 2016.

## 2.2. Principios contables non obrigatorios aplicados

Non se aplicaron principios contables non obrigatorios. Adicionalmente, o Órgano de Administración formulou estas contas anuais abreviadas tendo en consideración a totalidade dos principios e normas contables de aplicación obrigatoria que teñen un efecto significativo en ditas contas anuais abreviadas. Non existe ningún principio contable que sendo obrigatorio, teña deixado de aplicarse.

## 2.3. Aspectos críticos da valoración e estimación da incerteza

A sociedade elaborou os seus estados financeiros baixo o principio de empresa en funcionamento, sen que exista ningún tipo de risco importante que poida supoñer cambios significativos no valor dos activos ou pasivos no exercicio seguinte.

Na elaboración das contas anuais abreviadas adxuntas utilizáronse estimacións realizadas polo Órgano de Administración da Sociedade para valorar algúns dos activos, pasivos, ingresos, gastos e compromisos que figuran rexistrados nelas. Basicamente estas estimacións refírense a:

- A vida útil dos activos materiais e intanxibles (Notas 4.a y 4.b da memoria)

A pesar de que estas estimacións se realizaron sobre a base da mellor información dispoñible ao peche do exercicio 2016, é posible que acontecementos que poidan ter lugar no futuro obriguen a modificalas (á alza ou á baixa) nos próximos exercicios, o que se realizaría, no seu caso, de forma prospectiva.

Non se teñen producido cambios nas estimacións contables que sexan significativos e que afecten ao exercicio actual ou se espere que poidan afectar aos exercicios futuros.

## 2.4. Comparación da información

As contas anuais abreviadas presentan a efectos comparativos, con cada unha das partidas do balance, da conta de perdas e ganancias e do estado de cambios no patrimonio neto, ademais das cifras do exercicio 2016, as correspondentes ao exercicio anterior. Así mesmo, a información contida nesta memoria referida ao exercicio 2016 preséntase a efectos comparativos coa información do exercicio 2015.



Non existen causas que impidan a comparación das contas anuais do exercicio coas do exercicio anterior.

**2.5. Elementos recollidos en varias partidas**

Non se presentan os elementos patrimoniais rexistrados en dúas ou máis partidas do balance.

**2.6. Cambios en criterios contables**

Durante o exercicio 2016 non se produciron cambios de criterios contables significativos respecto aos criterios aplicados no exercicio anterior

**2.7. Corrección de erros**

As Contas Anuais do exercicio 2016 non inclúen axustes realizados como consecuencia de erros detectados no exercicio.

As contas anuais abreviadas do exercicio 2015 inclúen axustes realizados como consecuencia de erros detectados no exercicio por importe de -12.011,13 € (minoración de reservas). Trátase da regularización de saldos por IVE do ano 2014, como consecuencia de acta de inspección do imposto por 10.918,09 € (ver nota 11 memoria) e de gastos devindicados en exercicios anteriores (1.093,04 €).


**2.8. Importancia Relativa**

Ao determinar a información a detallar na presente memoria sobre as diferentes partidas dos estados financeiros ou outros asuntos, a sociedade, de acordo co Marco Conceptual do Plan Xeral de Contabilidade, tivo en conta a importancia relativa en relación coas contas anuais do exercicio 2016.




**NOTA 3. APLICACIÓN DE RESULTADOS**

A proposta de aplicación do resultado do exercicio 2016 formulada polo Órgano de Administración da Sociedade e que se someterá a aprobación da Xunta Xeral Ordinaria é a seguinte:



	<u>IMPORTE</u>
a) <b>Base de Reparto</b>	
Perdas e Ganancias ano 2016	(720.419,32)
<b>TOTAL A DISTRIBUIR</b> .....	<u>(720.419,32)</u>
b) <b>Aplicación</b>	
A outras achegas de socios	(720.419,32)
<b>TOTAL DISTRIBUÍDO</b> .....	<u>(720.419,32)</u>

Durante o exercicio non se repartiron dividendos a conta.



A proposta de aplicación do Resultado do exercicio 2015, formulada polo Consello de Administración e aprobada pola Xunta Xeral de 28 de Xuño de 2016, foi a seguinte:

	<b>IMPORTE</b>
<b>a) Base de Reparto</b>	
Perdas e Ganancias ano 2015	(730.474,37)
<b>TOTAL A DISTRIBUIR</b> .....	<b>(730.474,37)</b>
<b>b) Aplicación</b>	
A outras achegas de socios	(730.474,37)
<b>TOTAL DISTRIBUÍDO</b> .....	<b>(730.474,37)</b>

As limitacións á distribución de dividendos que afectan a Sociedade son as seguintes:

- A Sociedade está obrigada a destinar o 10% dos beneficios do exercicio á constitución da reserva legal, ata que esta alcance, polo menos, o 20% do capital social. Esta reserva, mentres non supere o límite do 20% do capital social, non poderá ser distribuída ao accionista (Ver nota 8). Ao peche do exercicio 2016 e 2015, esta reserva estaba parcialmente constituída.

#### NOTA 4. NORMAS DE REXISTRO E VALORACIÓN

##### a) Inmovilizado intanxible

Valórase inicialmente polo seu prezo de adquisición ou custe de produción. Posteriormente valórase ao seu custe, minorado pola correspondente amortización acumulada e, no seu caso, polas perdas por deterioro que teña experimentado.

Para cada inmovilizado intanxible analízase e determínase se a vida útil é definida ou indefinida.

Os activos intanxibles que teñen vida útil definida amortízanse sistematicamente en función da súa vida útil estimada e do seu valor residual. Os métodos e períodos de amortización aplicados son revisados en cada peche de exercicio e, se procede, axustados de forma prospectiva. Polo menos ao peche do exercicio, avalíase a existencia de indicios de deterioro, en cuxo caso, estímanse os importes recuperables, efectuándose as correccións valorativas que procedan.

A Sociedade inclúe no custe do inmovilizado intanxible que necesita un período de tempo superior a un ano para estar en condicións de uso, explotación ou venda, os gastos financeiros relacionados co financiamento específico ou xenérico, directamente atribuíble á adquisición, construción ou produción.

a.1) **Propiedade industrial: Patentes, licenzas, marcas e similares**

Nesta conta rexístranse os importes satisfeitos para a adquisición da propiedade ou o dereito de uso das súas diferentes manifestacións, ou polos gastos incorridos con motivo do seu rexistro, ou polos gastos incorridos con motivo do rexistro da desenvolvida pola empresa. A amortización da propiedade industrial realízase aplicando o método lineal durante un período de 10 anos.

a.2) **Aplicacións informáticas:**

Rexístranse nesta conta os custes incorridos ba adquisición e desenvolvemento de programas de ordenador, incluídos os custes de desenvolvemento das páxinas web. Os custes de mantemento das aplicacións informáticas rexístranse na conta de perdas e ganancias do exercicio en que se incorren. A amortización das aplicacións informáticas realízase aplicando o método lineal durante un período de 4 ou 5 anos.

b) **Inmobilizado material:**



Valórase inicialmente polo seu prezo de adquisición ou custe de produción. Posteriormente, valórase ao seu custe minorado pola correspondente amortización acumulada e, no seu caso, polas perdas por deterioro que teña experimentado.

O prezo de adquisición ou custe de produción inclúe, ademais do importe facturado despois de deducir calquera desconto ou rebaixa no prezo, todos os gastos adicionais e directamente relacionados que se produzan ata a súa posta en funcionamento, como os gastos de explotación e derribo, transporte, seguros, instalacións, montaxe e outros similares.

No caso do immobilizado material que necesite un período de tempo superior a un ano para estar en condicións de uso, explotación ou venda, a Sociedade inclúe no custe, os gastos financeiros que se teñan devindicado antes da posta en condicións de funcionamento do ben e que foran xirados polo provedor ou correspondan a préstamos ou outro tipo de financiamento alleo, específico ou xenérico, directamente atribuíble á súa adquisición ou fabricación.

Os gastos de conservación e mantemento dos diferentes elementos que compoñen o immobilizado material impútanse á conta de perdas e ganancias do exercicio en que se incorren. Polo contrario, os importes investidos en melloras que contribúen a aumentar a capacidade ou eficacia ou a alongar a vida útil de ditos bens rexístranse como maior custe deles.

A Sociedade non ten compromisos de dismantelamento, retiro ou rehabilitación para os seus bens de activo. Por iso, non se contabilizaron nos activos valores para a cobertura de tales obrigacións de futuro.





A Sociedade amortiza o inmovilizado material seguindo o método lineal, aplicando porcentaxes de amortización anual calculadas en función dos anos de vida útil estimada dos respectivos bens, segundo o seguinte detalle:

Descrición	Anos de vida útil estimada
Instalacións técnicas	10
Mobiliario	7-10
Equipos para procesos de información	4
Elementos de transporte	10
Outro inmovilizado material	10

Deterioro de valor do inmovilizado material e intanxible

Ao peche do exercicio ou sempre que existan indicios de perdas de valor, a Sociedade revisa os importes en libros dos seus activos inmovilizados para determinar se existen indicios de que ditos activos teñan sufrido unha perda por deterioro de valor. Se existe calquera indicio, o importe recuperable do activo calcúlase co obxecto de determinar o alcance da perda por deterioro de valor (se a houbera). En caso de que o activo non xere fluxos de efectivo por si mesmo que sexan independentes doutros activos, a Sociedade calculará o importe recuperable da unidade xeradora de efectivo á que pertence o activo.

O importe recuperable é o valor superior entre o valor razoable menos o custe de venda e o valor en uso.

Para estimar o valor en uso, a Sociedade prepara as previsións de fluxos de caixa futuros antes de impostos a partir dos presupostos máis recentes preparados pola Dirección. Para iso ten en conta, tanto previsións de resultados, como previsións de investimentos e evolución do fondo de manobra. Estes presupostos incorporan as mellores estimacións dispoñibles de ingresos e gastos das unidades xeradoras de efectivo utilizando a experiencia do pasado e as expectativas futuras, e son preparadas sobre a base da experiencia pasada e en función das mellores estimacións dispoñibles, sendo estas consistentes coa información procedente do exterior. As proxeccións así preparadas son aprobadas polo Órgano de Administración da Sociedade.

Ao avaliar o valor de uso, os futuros fluxos de efectivos estimados descóntanse ao seu valor actual utilizando un tipo de xuro de mercado sen risco, axustados polos riscos específicos do activo que non se tiveron en conta ao estimar os futuros fluxos de efectivo.

No caso de estimarse que o importe recuperable dun activo (ou unha unidade xeradora de efectivo) é inferior ao seu importe en libros, o importe en libros do activo (unidade xeradora de efectivo) redúcese ao seu importe recuperable. Para iso recoñécese o importe da perda por deterioro de valor como gasto e distribúese entre os activos que forman a unidade, reducindo en primeiro lugar o fondo de comercio, se existira, e, a continuación, o resto dos activos da unidade rateados en función do seu importe en libros.

No caso de que se deba recoñecer unha perda por deterioro dunha unidade xeradora de efectivo á que se tivese asignado todo ou parte dun fondo de comercio, redúcese en primeiro lugar o valor contable do fondo de comercio correspondente a dita unidade. Se o deterioro supera o importe deste, en segundo lugar redúcese, en proporción ao seu valor contable, o do resto de activos da unidade xeradora de efectivo, ata o límite do maior valor entre os seguintes: o seu valor razoable menos os custes de venda, o seu valor en uso e cero.

Cando unha perda por deterioro de valor reverte posteriormente, o importe en libros do activo (unidade xeradora de efectivo) increméntase á estimación revisada do seu importe recuperable, pero de tal xeito que o importe en libros incrementado non supere o importe en libros que se determinaría de non terse recoñecido ningunha perda por deterioro de valor para o activo (unidade xerada de efectivo) en exercicios anteriores, inmediatamente recoñécese unha reversión dunha perda por deterioro de valor como ingreso.

c) **Arrendamentos:**

Os arrendamentos clasifícanse como arrendamentos financeiros sempre que, das súas condicións, se deduza que se transfiren ao arrendatario substancialmente os riscos e beneficios inherentes á propiedade do activo obxecto do contrato. Os demais arrendamentos clasifícanse como arrendamentos operativos.

Arrendamentos operativos:

Os gastos derivados dos acordos de arrendamento operativo cárganse á conta de perdas e ganancias no exercicio en que se devindican. Calquera cobro ou pago que puidera realizarse ao contratar un arrendamento operativo, tratarase como un cobro ou pago anticipado que se imputará a resultados ao longo do período do arrendamento, a medida que se cedan ou reciban os beneficios do activo arrendado

d) **Activos financeiros:**

Clasificación:

Os activos financeiros que posúe a Sociedade clasifícanse nas seguintes categorías:

1. Préstamos e partidas a cobrar:

Activos financeiros orixinados na venda de bens ou na prestación de servizos de operacións de tráfico da empresa, ou os que non tendo unha orixe comercial, non son instrumentos de patrimonio nin derivados, e cuxos cobros son de contía fixa ou determinable e non se negocian nun mercado activo.



2. Efectivo e outros medios líquidos equivalentes

Baixo este epígrafe do balance de situación adxunto rexístrase o efectivo en caixa e bancos, depósitos á vista e outros investimentos a curto prazo de alta liquidez que son rapidamente realizables en caixa e que non teñen risco de cambios de valor.

Valoración inicial:

Os activos financeiros rexístranse inicialmente ao valor razoable da contraprestación entregada máis os custes da transacción que lles sexan directamente atribuíbles.

Valoración posterior:

Os préstamos e partidas a cobrar valóranse polo seu custe amortizado. Non obstante, no referente a debedores comerciais e outras contas a cobrar, valóranse polo seu valor nominal, dado que se espera recibir o seu importe no curto prazo e o efecto de non actualizar os fluxos de efectivo non é significativo.

Polo menos ao peche do exercicio, a Sociedade realiza un test de deterioro para os activos financeiros que non están rexistrados a valor razoable. Considérase que existe evidencia obxectiva de deterioro se o valor recuperable do activo financeiro é inferior ao seu valor en libros. Cando se produce, o rexistro deste deterioro rexístrase no conta de perdas e ganancias.

En particular, e respecto ás correccións valorativas relativas aos debedores comerciais e outras contas a cobrar, o criterio utilizado pola Sociedade para calcular as correspondentes correccións valorativas, se as houbese, é realizar unha análise específica para cada debedor en función da súa solvencia.

Baixa:

A Sociedade dá de baixa os activos financeiros cando expiran ou se cederon os dereitos sobre os fluxos de efectivo do correspondente activo financeiro e se transferiron substancialmente os riscos e beneficios inherentes á súa propiedade, tales como en vendas en firme de activos.

e) **Pasivos Financeiros:**

Os préstamos, obrigacións e similares rexístranse inicialmente polo importe recibido, neto de custes incorridos na transacción. Os gastos financeiros, incluídas as primas pagadoiras na liquidación ou o reembolso e os custes de transacción, contabilízanse na conta de perdas e ganancias segundo o criterio de devindicación, utilizando o método do xuro efectivo. O importe devindicado e non liquidado engádesse ao importe en libros do instrumento na medida en que non se liquidan no período en que se producen.

Os débitos e partidas a pagar valóranse inicialmente ao valor razoable da contraprestación recibida, axustada polos custes da transacción directamente atribuíbles. Con posterioridade, ditos pasivos valóranse de acordo co seu custe amortizado utilizando o método da taxa de xuro efectivo. Non obstante, os débitos por operacións comerciais e outras contas a pagar que teñen vencemento non superior a un ano, non teñen tipo de xuro contractual e espérase pagalos no curto prazo, valóranse polo seu valor nominal, posto que o efecto de non actualizar os fluxos de efectivo non é significativo. Así mesmo nos débitos e partidas a pagar derivados de endebedamento financeiro a longo prazo, a

Sociedade non aplica o método do custe amortizado, toda vez que a importancia relativa en termos cuantitativos e cualitativos da variación que tal feito produce é escasamente significativa, e en consecuencia, non altera a expresión da imaxe fiel.

A Sociedade dá de baixa os pasivos financeiros cando se extinguen as obrigacións que os xeraron.

f) **Imposto sobre beneficios**

O gasto ou ingreso por imposto sobre beneficios comprende a parte relativa ao gasto ou ingreso polo imposto corrente e a parte correspondente ao gasto ou ingreso por imposto diferido.

O imposto corrente é a cantidade que a Sociedade satisfai como consecuencia das liquidacións fiscais do imposto sobre o beneficio relativas a un exercicio. As deducións e outras vantaxes fiscais na cota do imposto, excluídas as retencións e pagos a conta, así como as perdas fiscais compensables de exercicios anteriores e aplicadas efectivamente neste, dan lugar a un menor importe do imposto corrente.

O gasto ou o ingreso por imposto diferido correspóndese co recoñecemento e a cancelación dos activos e pasivos por imposto diferido. Estes inclúen as diferenzas temporarias que se identifican como aqueles importes que se prevén pagadoiros ou recuperables derivados das diferenzas entre os importes en libros dos activos e pasivos e o seu valor fiscal, así como as bases impoñibles negativas pendentes de compensación e os créditos por deducións fiscais non aplicadas fiscalmente. Ditos importes rexístranse aplicando á diferenza temporaria o crédito que corresponda ou tipo de gravame ao que se espera recuperalos ou liquidalos.

Recoñécense pasivos por impostos diferidos para todas as diferenzas temporarias impoñibles, agás aquelas derivadas do recoñecemento inicial de fondos de comercio ou doutros activos e pasivos nunha operación que non afecta nin ao resultado fiscal nin ao resultado contable e non é unha combinación de negocios, así como as asociadas a investimentos en empresas dependentes, asociadas e negocios conxuntos nas que a Sociedade pode controlar o momento da reversión e é probable que non revertan nun futuro previsible.

Pola súa banda, os activos por impostos diferidos só se recoñecen na medida en que se considere probable que a Sociedade vaia dispoñer de ganancias fiscais futuras contra as que poder facelos efectivos.

Os activos e pasivos por impostos diferidos, orixinados por operacións con cargos ou abonos directos en contas de patrimonio, contabilízanse tamén con contrapartida en patrimonio neto.



En cada peche contable reconsideráanse os activos por impostos diferidos rexistrados, efectuándose as oportunas correccións aos mesmos na medida en que existan dúbidas sobre a súa recuperación futura.

Así mesmo, en cada peche avalíanse os activos por impostos diferidos non rexistrados en balance e estes son obxecto de recoñecemento na medida en que pase a ser probable a súa recuperación con beneficios fiscais futuros.

g) **Ingresos e gastos**

Os ingresos e gastos impútanse en función do criterio de devindicación, é dicir, cando se produce a corrente real de bens e servizos que os estes representan, con independencia do momento en que se produza a corrente monetaria ou financeira derivada deles. Ditos ingresos valóranse polo valor razoable da contraprestación recibida, deducidos descontos e impostos.

Os ingresos por prestación de servizos recoñécense considerando o grao de realización da prestación á data de balance, sempre e cando o resultado da transacción poida ser estimado con fiabilidade.

Os xuros recibidos de activos financeiros recoñécense utilizando o método do tipo de xuro efectivo e os dividendos, cando se declara o dereito do accionista a recibilos. En calquera caso, os xuros e dividendos de activos financeiros devindicados con posterioridade ao momento da adquisición recoñécense como ingresos na conta de perdas e ganancias.

h) **Provisións e continxencias**

O Órgano de Administración da Sociedade na formulación das contas anuais diferencia entre:

**Provisións:** saldos acredores que cobren obrigacións actuais derivadas de sucesos pasados, cuxa cancelación é probable que orixine unha saída de recursos, pero que resultan indeterminados en canto ao seu importe e/ou momento de cancelación.

**Pasivos continxentes:** obrigacións posibles xurdidas como consecuencia de sucesos pasados, cuxa materialización futura está condicionada a que ocorra, ou non, un ou máis eventos futuros independentes da vontade da Sociedade.

As contas anuais recollen todas as provisións con respecto ás cales se estima que a probabilidade de que se teña que atender a obriga é maior que do contrario. Os pasivos continxentes non se recoñecen nas contas anuais, senón que se informa sobre os eles nas notas da memoria, na medida en que non sexan considerados como remotos.

As provisións valóranse polo valor actual da mellor estimación posible do importe necesario para cancelar ou transferir a obrigaón, tendo en conta a información dispoñible sobre o suceso e as súas consecuencias, e rexistrándose os axustes que xurdan pola actualización de ditas provisións como un gasto financeiro conforme se vai devindicando.

A compensación a recibir dun terceiro no momento de liquidar a obrigaón, sempre que non existan dúbidas de que dito reembolso será percibido, rexístrase como activo, excepto no caso de que exista un vínculo legal polo que se exteriorízase parte do risco, e en virtude do cal a Sociedade non estea obrigada a responder; nesta situación, a compensación terase en conta para estimar o importe polo que, no seu caso, figurará a correspondente provisión.

**i) Indemnizacións por despido e outras derivadas de rescisión de contratos laborais**

De acordo coa lexislación vixente, a Sociedade está obrigada ao pago de indemnizacións a aqueles empregados cos que, baixo determinadas condicións, rescinda as súas relacións laborais. Por tanto, as indemnizacións por despido susceptibles de cuantificación razoable rexístranse como gasto no exercicio no que se adopta a decisión do despido.

Nas presentes contas anuais non se rexistrou provisión algunha por este concepto, xa que non están previstas situacións desta natureza.

**j) Subvencións, doazóns e legados**

Para a contabilización das subvencións, doazóns e legados recibidos, a Sociedade segue os criterios seguintes:

**Subvencións, doazóns e legados de capital non reintegrable:**

